

# ELEKTRONIKONTAINER

CONCERTO DIDÁCTICO

**ROBERTOLIVEIRA**  
PERCUSIÓN  
ELECTRÓNICA  
& ARTE VISUAL





## VIDEO PROMOCIONAL 2018

<http://www.robetoliveira.es/video/robetoliveira-promo-2018/>

### **TÍTULO do Proxecto**

#### **“ELEKTRONIK KONTAINER”**

Concerto didáctico de “música electroacústica con medios visuais”


Dirixido a alumnos/as da Ensinanza Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas Artísticas Profesionais (2 sesións matinais).

### **DURACIÓN do Proxecto**

ELEKTRONIK KONTAINER 2 sesións de 45 min aprox.

### **REPRESENTACIÓN do Proxecto**

Adaptase a diferentes formatos, que poden ser representados nun salón de actos dun centro educativo, auditorio, teatro, salas diáfanas o en espazos singulares. Consequindo que cada representación sexa especial e irrepetíble.



## SINOPSE ELEKTRONIK KONTAINER

“ELEKTRONIK KONTAINER” é un proxecto educativo que xurde da necesidade de divulgar a cultura musical a través dunha das disciplinas máis atractivas e fascinantes como é o mundo da percusión. Toda persoa toma parte activa; de unha forma ou outra, desde a súa infancia, do contacto cos nosos primeiros sons percusivos. Os máis pequenos apóianse na observación, no interese e na curiosidade por coñecer novos timbres.

Con este plantexamento, confío nunha nova visión deste campo. Adaptándoa a nova era tecnolóxica coa introdución de medios electrónicos e visuais. Dando forma a un proxecto educativo/divulgativo de música electroacústica apoiada con arte visual sincronizado.


Este proxecto é fresco e innovador. Contextualizado en música que está continuamente cambiándose, movéndose e renovándose.

Vai dirixido a alumnado con certa madurez, conciencia crítica e espírito emprendedor. É por iso, que se enfoca a adolescentes que se atopen cursando a Ensinanza Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas Artísticas Profesionais.

“ELEKTRONIK KONTAINER” non trata de ser un concerto para meros espectadores no cal o artista multidisciplinar se limite a interpretar un repertorio mais ou menos atractivo e alternativamente se comenten algúns aspectos teóricos da Historia da Música.

Con este proxecto, o alumnado coñecera da man do artista, novas aplicacións de manipulación e edición de sons e imaxe en dispositivos electrónicos como smartphones (IncrediBox) e ordenadores (Reaper, Final Cut) no que a tecnoloxía se refire.

Desde o punto de vista instrumental, Robertoliveira interpretará extractos de obras nas que tamén comentará aspectos técnicos dos instrumentos de percusión, as súas posibilidades de execución, manipulación sonora e formas de escritura utilizadas en partituras de músicas de “nova creación” (partitura standar, partitura gráfica, partitura aleatoria...).





## OBXECTIVOS do Proxecto

- Acercar a música contemporánea, neste caso “música electroacústica con medios visuais” o público máis mozo dunha forma máis cercana e divertida.
- Establecer pontes entre a música e o audiovisual.
- Coñecer novas formas de manipulación sonora dun instrumento de percusión con apps.
- Coñecer novas formas de manipulación sonora dun instrumento de percusión con obxectos cotiás (moedas, auga..).
- Participar activamente nunha charla-concerto dunha forma lúdica e motivadora.
- Activar un posible interese nos alumnos/as do mundo do audiovisual como posible vía profesional.
- Espertar no noso estudiantado o pracer e a necesidade de escoitar un concerto “in situ”.
- Fomentar un uso axeitado das novas tecnoloxías.

A actividade proposta, ademais de contidos específicos da área de música e tecnoloxía, aborda outros contidos transversais como a expresión oral, a educación en valores e o desenvolvemento do pensamento crítico.

## CONTIDOS do Proxecto

- Presentación e uso co alumnado do programa de grabación e edición de son Reaper.
- Presentación e uso co alumnado do programa de edición de imaxe Final Cut.
- Grabación e realización con teléfono móbil de un pequeno videoclip co alumnado.
- Presentación e manipulación sonora do vibráfono con obxectos non convencionais (moedas, cadenas, arcos de violín..).
- Interpretación de varias pezas musicais para percusión, electrónica e arte visual sincronizado.

## APLICACIÓNS DIDÁCTICAS

### Sabías que...?

(1) ... o vibráfono e unha mistura de mecánica e electricidade nun instrumento semellante ao xilófono?

○ Vibráfono e un instrumento de láminas de metal en disposición de teclado (como o dun piano). A súa extensión estándar é de tres octavas e media (fa4 a fa7) aínda que hai construtores que os fan de catro octavas. A súa característica principal é a súa capacidade (grazas ao seu pedal), de manter o son despois de ser emitido polo ritmo das baquetas e a pequena amplificación do seu son pola rotación das láminas que culminan os seus tubos resoadores (acción mecánica).

Este instrumento naceu a principios de s.xx (ter en conta que é eléctrico), de forma diferente a outros instrumentos, xa que ningún experimento nin modificación significativa (aínda que a súa semellanza co xilófono pode indicar outra cousa), e posiblemente o único instrumento de percusión que foi adaptado pola orquestra sinfónica, procedente do jazz.



Quizais baseado nos gamelanes de Java e Bali, Herman Winterhoff en 1916 fabricou unha marimba de láminas metálicas, que obtivo un vibrato que baixaba e levantaba as cámaras de resonancia e os racks móbiles que operaban por un pedal deixaban resoar libremente as láminas. Pero foi en 1921 cando o vibrato logrouse pechando e abrindo as paletas mecánicas situadas ao comezo dos tubos.

Na actualidade a maioría dos compositores escriben na sección de percusión para este instrumento, xa que o seu son amplifica a resonancia e o efecto de cor das laminas de metal en percusión. É importante ter en conta que os compositores úsano, ás veces por protagonismo, sen saber, con certeza o que debería ser o seu papel máis exitoso, isto fai que a literatura do Vibráfono sexa tan virtuosa que imposible de interpretar coa lóxica musical. Só cando se escriben as cousas en solitario, o músico pode interpretar con facilidade un instrumento frío e complicado.

(2) ... os moldeados das baquetas fanse para conseguir un amplo abano de texturas sonoras?

Deste xeito os percusionistas poden ter unha ampla variedade sonora nos instrumentos.

(3) ... os primeiros parches eran todos de pel natural de diferentes animais?

Había parches de cabra, de vaca, de serpes, etc., variando o tensado segundo o son que se quixera conseguir.

(4) ...podes facer a túa videoclip, curtametraxe ou vídeo artístico co teu teléfono móbil?

E moi sinxelo, so necesitas ter unha boa idea, facer un bo esquema do que queres contar, collelo teu móbil...e 1,2,3 ACCIÓN!!



## OBRADOIROS CREATIVOS

Construir un instrumento de percusión con materiais reciclados (tambor, xilófono de botellas..)



Facer un videoclip, curtametraxe ou video artístico cun teléfono móbil

<https://www.educaciontrespuntocero.com/recursos/apps-para-grabar-desde-telefono/25022.html>

Visualizar cos alumnos/as tutoriais de programas “sinxelos” para edición de audio e video.

[https://www.youtube.com/watch?v=C9ij0pnWw8I&list=PLR51BK8zUaKC1-\\_7CApkgPfyeqmi-tC8D](https://www.youtube.com/watch?v=C9ij0pnWw8I&list=PLR51BK8zUaKC1-_7CApkgPfyeqmi-tC8D)

[https://www.youtube.com/watch?v=HyQxc6S\\_hA](https://www.youtube.com/watch?v=HyQxc6S_hA)

Para a realización destes obradoiros, os e as docentes que decidan poñer en marcha estas actividades poden poñerse en contacto con Robertoliveira para pedir asesoramento sobre que necesidades técnicas precisan no correo electrónico [info@robertoliveira.es](mailto:info@robertoliveira.es)

## TRAXECTORIA da COMPAÑÍA

Robertoliveira [Salceda de Caselas, Pontevedra 1979]


Percusionista especializado en Percusión, Electrónica [música electroacústica] e Arte Visual, con unha posta en escena que se converte en toda unha experiencia multisensitiva.

Robertoliveira completa os seus estudos de licenciatura en percusión no Koninklijk Conservatorium da Haia [Países Baixos]. Continúa seus estudos de "master in music performance/chamber music" na Royal Irish Academy of Music de Dublín [Irlanda], obtendo a distinción "First Class Honours" pola DCU Dublin City University.

Realiza concertos como solista, tamén con ensembles contemporáneas e orquestras sinfónicas xunto a destacados artistas, directores e compositores actuais, en salas de concerto e festivais de países como Portugal, Francia, Bélxica, Holanda, Alemaña, Dinamarca, Noruega, Hungría, Italia, Chipre, Austria, Luxemburgo, Eslovenia, Eslovaquia, Suíza, Irlanda, Irlanda do Norte, Inglaterra, Marrocos, Arxentina, Brasil, México, Estados Unidos, Filipinas, Taiwán, China e Letonia.

Finalista nos IV e gañador dos V Premios Martín Códax da Música, Robertoliveira está considerado un dos artistas mais creativos, atrevidos e innovadores do panorama musical contemporáneo

## DISCOGRAFÍA



## DOSSIER PRENSA

<http://www.robertoliveira.es/prensa/>





## DATOS FISCAIS

Roberto Oliveira Ogando

CIF 34872846Q

Lugar de Cornes 39 San Mamede

15911 ROIS

A Coruña

\*Adxunto copia alta IAE

## RRSS Robertoliveira



<https://www.facebook.com/Roberto.Oliveira.Ogando>



<https://twitter.com/oliveiraogando>



<https://www.instagram.com/robertoliveiraoficial/>



[https://www.youtube.com/user/Ymbal/videos?view\\_as=subscriber](https://www.youtube.com/user/Ymbal/videos?view_as=subscriber)

## CONTRATACIÓN

**Robertoliveira**

+34 [697 660 961]

[info@robertoliveira.es](mailto:info@robertoliveira.es)

**General Management, Angel Vaqueiro**

+34 [986 349 447]

+34 [619 301 112]

[management@robertoliveira.es](mailto:management@robertoliveira.es)

**International Manegement, Ketty Paisal**

[international@robertoliveira.es](mailto:international@robertoliveira.es)

**Prensa e Comunicación**

[press@robertoliveira.es](mailto:press@robertoliveira.es)

[www.robertoliveira.es](http://www.robertoliveira.es)

Asistencia profesional de empresas audiovisuales

Operación cofinanciada por parte de la Comisión Europea y el Fondo Social Europeo en el marco del programa de desarrollo rural

Operación financiada por el programa de desarrollo rural de Galicia en el marco del programa de desarrollo rural



UNIÓN EUROPEA



XUNTA  
DE GALICIA

